

Proxecto de Decreto xx/2024, do xx de xx, polo que se modifican os estatutos da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, aprobados polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, no seu capítulo II do título IV (artigos 40 e 41), autorizou a creación dunha axencia en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, como axencia pública autonómica adscrita á consellería competente en materia de sanidade, que tería como fins xerais e obxectivos básicos realizar a xestión da formación no Sistema público de saúde de Galicia, o fomento e a coordinación da investigación nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, a coordinación e o impulso da actividade innovadora da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, e a avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios.

O artigo 41 da citada lei establece que, mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia, se procedería á creación da axencia, así como á aprobación dos estatutos que detallasen as funcións específicas que desenvolvería.

No mesmo sentido, e con carácter xeral, o artigo 54.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, prevé que tras a aprobación da lei que autorice a creación dunha entidade instrumental, procederase á súa creación e á aprobación dos seus estatutos por decreto do Consello da Xunta de Galicia e por proposta da consellería de adscrición, logo de informe favorable das consellerías competentes en materia de administracións públicas e de facenda.

Mediante o Decreto 112/2015, do 31 de xullo, creouse a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e aprobáronse os seus estatutos, dando cumprimento ás previsións legais antes indicadas.

O presente decreto ten por obxecto a modificación dos ditos estatutos coa finalidade fundamental de incluír na estrutura da axencia a Área de Xestión e Servizos Xerais e a Área de Asesoramento Científico-Técnico (Avalia-t).

Con esta modificación da estrutura directiva da axencia preténdese adecuar o nivel de desempeño, coas responsabilidades e desafíos resultantes das actividades asumidas pola aquela tras a súa creación no ano 2016.

Así, da agrupación das distintas actividades que constitúen o fin xeral da axencia para dar cumprimento á lei antedita e máis á Lei 16/2010, do 17 de decembro, conséguese a coordinación e auméntase a eficiencia e eficacia das distintas actividades que, desde a súa

creación, se agrupan nela.

Estas actividades son as de garantir a formación continua dos/das profesionais do Sistema público de saúde de Galicia; fomentar a investigación nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, coordinando as actividades e proporcionando valor aos seus resultados; impulsar e coordinar as actividades que en materia de innovación se están a desenvolver na Consellería de Sanidade, no Servizo Galego de Saúde e nas entidades adscritas e vinculadas e a avaliación de tecnoloxías, procesos e servizos sanitarios.

Esta agrupación de actividades implicou unha remodelación organizativa interna que está en fase de desenvolvemento, xa que logo, a coordinación das diferentes actividades adscritas precisa dun axuste tanto físico coma de funcións do persoal adscrito.

A creación da Área de Xestión e Servizos Xerais permitirá dar o necesario soporte administrativo, de xestión de persoal, de contratación e orzamentaria aos distintos programas e actuacións da axencia, coordinar e supervisar o seu desenvolvemento e a correcta execución coa finalidade de que poidan acadarse os obxectivos operativos da axencia encamiñados a consecución dos obxectivos estratéxicos definidos no seu contrato plurianual. Así mesmo permitirá velar axeitadamente pola aplicación de medidas redutoras ou atenuantes para minimizar os riscos vinculados aos indicadores establecidos no Plan de riscos e medidas antifraude da axencia, e por dar cumprimento ás medidas consignadas no Plan de Igualdade da mesma.

Tamén posibilitará que a Xerencia da axencia reciba a asistencia e o apoio necesarios para optimizar e simplificar o proceso de toma de decisións, así como o despacho ordinario dos asuntos, mantendo a continuidade da actividade da axencia.

Deste xeito, racionalízase a xestión e mellórase a eficiencia dos procesos, concentrando nunha área actividades necesarias e vitais para a xestión cotiá dos recursos materiais e humanos da axencia, de xeito que a realización dos seus servizos non se vexa atrasada nin condicionada por actividades burocráticas. Para tal efecto, co fin de recoller na estrutura interna a nova Área de Xestión e Servizos Xerais, compre modificar o Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos.

Por outra banda, a creación da Área de Asesoramento Científico-Técnico (Avalia-t) fortalecerá o liderado da axencia como instrumento esencial de avaliación das tecnoloxías sanitarias, tal e como ben recollido na Estratexia Galega de Saúde 2030. O desenvolvemento da área permitirá impulsar a implementación no Sistema público de saúde de Galicia dos produtos de transferencia do coñecemento (revisións sistemáticas, guías de práctica clínica, informes de avaliación e respostas rápidas, entre outros) que se realizan dentro da unidade, contribuíndo a difundir a cultura da evidencia científica, clave

na mellora do resultados en saúde que produce a atención sanitaria. A área favorecerá a integración efectiva das avaliacións e outros produtos de síntese de evidencia realizados nos procesos de toma de decisións de todos os niveis do servizo de saúde en Galicia.

A presente disposición adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por canto se trata dunha modificación mínima necesaria, orientada a mellorar a eficacia no funcionamento da axencia, e proporcionada aos seus obxectivos.

O decreto conta cos informes favorables das consellerías competentes en materia de administracións públicas e de facenda, de impacto demográfico e igualdade, e foi sometido á Comisión de Persoal da Xunta de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 55.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, en relación co artigo 18.3, letra a) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Sanidade, de acordo co/oído o Consello Consultivo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia súa reunión do día xx de xx de dous mil vinte catro,

DISPOÑO:

Artigo único. Modificación dos estatutos da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, aprobados polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo

Un. O artigo 16 queda redactado do seguinte xeito:

« Artigo 16. *Estrutura interna*

A Axencia estrutúrase internamente en cinco áreas dependentes todas elas orgánica e funcionalmente da Xerencia da Axencia:

- a) Área de Xestión do Coñecemento e Talento.
- b) Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.
- c) Área de Planificación e Promoción da Investigación Sanitaria.
- d) Área de Asesoramento Científico-Técnico (Avalia-t).
- e) Área de Xestión e Servizos Xerais.».

Dous. O artigo 20 queda redactado do seguinte xeito:

« Artigo 20. *Área de Asesoramento Científico-Técnico (Avalia-t)*

Á Área de Asesoramento Científico-Técnico (Avalia-t) correspóndelle a avaliación de tecnoloxías sanitarias, incluídos os procesos e servizos, a través do desempeño das seguintes funcións:

- a) Planificar a avaliación de tecnoloxías, servizos e procesos sanitarios en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos pola consellería competente en materia de sanidade e o Servizo Galego de Saúde.
- b) Coordinar a prestación, baixo demanda de institucións públicas e outros axentes do sector privado, de servizos para a avaliación da efectividade, utilidade clínica e impacto de tecnoloxías ou prestacións sanitarias non implantados e/ou emerxentes no sistema sanitario.
- c) Analizar, promover e divulgar o coñecemento científico e tecnolóxico relacionado coa avaliación das tecnoloxías sanitarias, promovendo o interese dos/das profesionais do Sistema de saúde de Galicia.
- d) Asumir por delegación da Presidencia da Axencia a representación desta nos diferentes foros, redes e organismos, e a interlocución con outros axentes públicos e privados no ámbito da capacitación e asesoramento técnico en I+D+i sanitaria.
- e) Promover a investigación científica dirixida a mellorar a metodoloxía necesaria no ámbito da avaliación de tecnoloxías sanitarias, fomentando a colaboración entre as universidades, os centros, unidades de investigación, as empresas e outras institucións de ámbito nacional e internacional.
- f) Avaliar as tecnoloxías sanitarias, procesos, servizos, e sistemas organizativos dirixidos a prestar a atención sanitaria, de acordo con criterios de seguridade, eficacia, efectividade e eficiencia tendo en conta consideracións clínicas, económicas, organizativas, éticas, sociais e legais.
- g) Promover a utilización apropiada das tecnoloxías sanitarias en base á mellor evidencia científica dispoñible mediante o deseño, elaboración e difusión de guías de práctica clínica.
- h) Identificar e priorizar tecnoloxías sanitarias novas ou emerxentes, susceptibles de avaliación, ou tecnoloxías sanitarias obsoletas, susceptibles de desinvestimento.
- i) Elaborar estudos clínicos e informes sobre tecnoloxías sanitarias, procesos, servizos, e sistemas organizativos, baixo a procura de entidades e axentes externos ao Sistema público de saúde de Galicia.
- j) Desenvolver ferramentas metodolóxicas no ámbito da avaliación, así como de indicadores de calidade das tecnoloxías.
- k) Elaborar estándares de indicación de uso adecuado das tecnoloxías.
- l) Deseñar, coordinar e analizar os sistemas de información necesarios para a avaliación de tecnoloxías sanitarias suxeitas a monitorización ou a especial seguimento previo á súa incorporación definitiva na carteira de servizos.
- m) Colaborar con outras organizacións de avaliacións de tecnoloxías, especialmente a nivel nacional e europeo, de forma que se evite a duplicidade nas actividades de avaliación.
- n) Asumir por delegación da Presidencia da Axencia a interlocución e representación da

unidade nos diferentes foros, redes e organismos rexionais, nacionais e internacionais no ámbito da avaliación de tecnoloxías sanitarias.

ñ) En xeral, cantos asuntos lle sexan encomendados pola Xerencia da Axencia en razón do ámbito funcional e de actuación que ten esta unidade.».

Tres. O artigo 21 queda redactado do seguinte xeito:

« Artigo 21. *Área de Xestión e Servizos Xerais*

1. Á Área de Xestión e Servizos Xerais correspóndelle a planificación, coordinación e execución da xestión económica, administrativa e de persoal, a través do desempeño das seguintes funcións:

- a) Dirixir o funcionamento dos servizos comúns da Axencia, o seu réxime interior, así como o dos órganos e unidades administrativas que estean baixo a súa dependencia. No exercicio desta función velará pola organización, simplificación e racionalización da actividade administrativa, propoñendo as modificacións encamiñadas a mellorar e perfeccionar os servizos
- b) Dar soporte aos programas e actuacións das diferentes áreas/unidades da Axencia.
- c) Preparar o borrador de anteproxecto de orzamento da Axencia, levar a cabo o seguimento da xestión e da execución económica, orzamentaria, e das fontes de financiamento da mesma e coordinar, supervisar e realizar o seguimento en materia dos fondos europeos de I+D+i, por fontes de financiamento.
- d) Coordinar a xestión e recadación de taxas, prezos públicos e outros ingresos da Axencia, sen prexuízo das competencias da consellería competente en materia de Facenda.
- e) A tramitación, seguimento e control dos expedientes de contratación administrativa promovidos pola Axencia, a tramitación das autorizacións para expedientes plurianuais e/ou que superen os límites previstos na normativa de réxime económico e financeiro.
- f) Velar polo cumprimento dos fitos e obxectivos fixados no marco de cada un dos proxectos financiados con fondos europeos
- g) Coordinar e xestionar o inventario e patrimonio e os medios materiais adscritos á Axencia, de conformidade coas previsións contidas na Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- h) Elaborar o borrador inicial do contrato plurianual de xestión, do plan de acción anual, do informe xeral anual de actividade e das contas anuais.
- i) A elaboración e seguimento do Plan de Igualdade da Axencia
- j) A elaboración e seguimento do Plan de riscos de xestión e medidas antifraude da Axencia
- k) Preparar os asuntos que teñan que elevarse ao Consello Reitor da Axencia, a súa Comisión de Control e ao Consello da Xunta de Galicia.
- l) Dirixir a execución das funcións técnicas e de apoio ao desenvolvemento normativo e ao exercicio de funcións resolutorias nas materias obxecto da actividade da Axencia.
- m) Desenvolver e xestionar a política de recursos humanos da Axencia. Esta función inclúe a xestión do cadro de persoal e relación de postos de traballo, o asesoramento na fixación

das retribucións e a condución de avaliacións periódicas de desempeño e cumprimento de obxectivos.

n) Tramitar os expedientes de contratación do persoal investigador para a execución de proxectos e actividades investigadoras desenvolvidas pola Axencia ou por outras institucións coas que a Axencia teña convenios de colaboración.

ñ) Dirixir os servizos de documentación e publicación da Axencia, garantindo a accesibilidade á información do seu departamento segundo a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sen prexuízo da competencia doutros órganos nesta materia, e prestar asistencia e soporte tecnolóxico ás distintas áreas da mesma.

o) Realizar o apoio xurídico nas materias de competencia da Axencia, tanto nas propostas normativas que esta elabore coma nos labores de estudo, tramitación e elaboración de propostas de resolución de reclamacións, recursos e requirimentos e peticións formulados contra actos e resolucións ditados polos distintos órganos da Axencia, cando non estean atribuídos a outros órganos dela.

p) Prestar asistencia técnica e administrativa á persoa titular da Xerencia da Axencia nos asuntos que esta considere conveniente e elaborar propostas de resolución sobre asuntos da competencia da persoa titular da Xerencia cuxa tramitación se lle encomende.

q) En xeral, cantos asuntos lle sexan encomendados en razón da súa competencia pola Xerencia da Axencia ou o Consello Reitor.».

Catro. O número 2 do artigo 36 queda redactado do seguinte xeito:

«2. Ademais do/a xerente da Axencia, terán a consideración de persoal directivo as persoas que ocupen a dirección da Área de Xestión do Coñecemento e Talento, da Área de Planificación e Promoción da Investigación Sanitaria, da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria, da Área de Asesoramento Científico-Técnico (Avalia-t) e da Área de Xestión e Servizos Xerais. Estes postos serán provistos mediante convocatoria publicada no Diario Oficial de Galicia. Correspóndelle á persoa titular da consellería competente en materia de sanidade dispor o seu nomeamento e cesamento.».

Cinco. O número 4 do artigo 36 queda redactado do seguinte xeito:

«4. Os postos correspondentes á dirección da Área de Planificación e Promoción da Investigación Sanitaria, á dirección da Área de Asesoramento Científico-Técnico (Avalia-t) e á dirección da Área de Xestión e Servizos Xerais, deberán ser provistos por persoal estatutario fixo do subgrupo de clasificación profesional A1 ou funcionario de carreira do subgrupo A1, ao servizo de calquera Administración pública, e a vinculación formalizarase mediante nomeamento de carácter administrativo.».

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste decreto

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, XX de XX de dous mil vinte catro

Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente

Antonio Gómez Caamaño
Conselleiro de Sanidade